

## OS CANTEIROS E A LÚA

Tres canteiros volvían de pedir traballo e ían moi famentos. Chegaron a unha ponte e, como era de noite, reflectíase a lúa no río que parecía mesmamente unha bola de millo e acordaron de ir cómela. Un agarrouse coas mans na ponte, outro agarrou as súas mans nos pés do primeiro e o terceiro agarrouse nos pés do segundo. Cando estiveron todos agarrados, dixo o que estaba agarrado no pau:

— *¡Alifonso de arriba, dille ao Alifonso de abaixo que pouse os seus pés na auga en canto eu cuspiño ñas mans!*

Quixeron facelo así e foron ao rego os tres.